

CR AGRICULTURA ECOLÓXICA

PROPOSTAS UAA

1. **Fomentar programas de sensibilización, divulgación e formación axeitados.** A reconversión da agricultura e gandería convencional á ecolóxica non só require dun coñecemento de novas técnicas de produción e dos cambios de xestión necesarios na explotación, senón tamén coñecer o porqué é interesante para o agricultor e gandeiro levar a cabo esta nova actividade.
2. **Priorizar e modular as diferentes axudas** á produción ecolóxica cara as pequenas e medinas explotacións familiares. Non só se deben priorizar os apoios e medidas cara a produción ecolóxica, senón que ao mesmo tempo débese contemplar a compoñente social e de xestión do territorio que conleva o modelo de explotación familiar e a debida valorización do agricultor e gandeiro profesional.
3. **Fomento da produción ecolóxica nas zonas de especial protección** de hábitats: Rede Natura 2000, parques naturais, etc.
- 4.
5. Fomento das **redes de comercialización** en mercados nacionais e internacionais, por ser por todos máis valorados e mellor pagados que os convencionais
6. Fortalecemento dos **programas de investigación.**
7. **Accións específicas de seguros agrarios** que permitan adecuar o sistema de aseguramento ás propias características destes sistemas de produción.
8. **Fomento da produción de sementes ecolóxicas** co fin de evitar un desabastecemento no sector.